

UNHA PROPOSTA SOSTIBLE DE RECUPERACIÓN DOS MUÍÑOS DO LUGAR DE SOUTELIÑO (LAZA)

RESUMO

Atendendo á preservación do patrimonio muiñoloxico na cunca do río Támega, o conxunto de muíños de auga do lugar de Souteliño, no concello de Laza, trátase dun exemplo de proposta sostible de recuperación para o turismo cultural e a difusión con carácter educativo coas técnicas da interpretación patrimonial.

Con este artigo preténdese seguir dando a coñecer o conxunto patrimonial, que conta con unhas características singulares e que se empraza nun contexto xeográfico privilexiado, para intentar reactivar a súa recuperación e posta en valor, así como para dotalo de maior protección patrimonial.

PALABRAS CHAVE

Preservación, Patrimonio, Muíño, Sostibilidade, Turismo, Difusión.

ABSTRACT

Attending to the preservation of the water mill heritage in the basin of the river Támega, the set of water mills of the place of Souteliño, in the municipality of Laza, is an example of a sustainable proposal for recovery for cultural tourism and the diffusion with character educative with the techniques of heritage interpretation.

With this article it is intended to continue to raise awareness of the heritage complex, which has unique characteristics and is located in a privileged geographical context, in order to try to reactivate its recovery and enhancement, as well as to provide it with greater heritage protection.

KEY WORDS

Preservation, Heritage, Mill, Sustainability, Tourism, Diffusion.

1. Introducción

Este artigo trátase dun extracto da Tese de Doutoramento *Patrimonio muiñoloxico na cunca do río Támega* (Blanco, 2023), dirixida pola Dra. D^a. Beatriz Pilar Comendador Rey e polo Dr. D. Francisco da Silva Costa. Esta tese, elaborada no marco do programa de doutoramento en “Protección do Patrimonio Cultural” da Universidade de Vigo, foi defendida en setembro do ano 2023.

Atendendo á preservación do patrimonio muiñoloxico na cunca do río Támega mediante propostas de carácter sostible¹, queremos presentar un caso concreto como exemplo de proposta sostible de recuperación para o turismo cultural e a difusión con carácter educativo coas técnicas da interpretación patrimonial². Trátase do conxunto de muíños de auga do lugar de Souteliño, no concello de Laza. Este conxunto foi obxecto do *Proxecto básico para a recuperación e posta en valor de muíños de auga no lugar de Souteliño (Concello de Laza)* redactado por Blanco (2019), a pesar de que na actualidade non foi desenrolado o proxecto de execución nin se levaron a cabo as obras.

2. Os Muíños do lugar de Souteliño

2.1. Antecedentes

1 Capítulo 6 da tese de doutoramento *Patrimonio muiñoloxico na cunca do río Támega* (Blanco, 2023).

2 Apartado 6.3 do capítulo 6 da mencionada tese de doutoramento.

No marco da arquitectura popular galega aparecen as construcións adxectivas á vivenda e dentro destas atopamos as construcións de transformación (Caamaño, 2003). Unha destas construcións son os muíños de auga de rodicio horizontal, tipoloxía á que pertencen os muíños localizados no lugar Souteliño, no termo municipal de Laza (provincia de Ourense).

As características propias e singulares deste conxunto patrimonial foron determinantes para que o concello de Laza se interesase pola súa preservación.

Desta maneira, no ano 2018 comezouse a toma de datos para a elaboración dun proxecto. Dado o emprazamento destes muíños e a súa contorna, partiuse dun levantamento topográfico previo aportado polo organismo demandante a partir do cal se elaborou a documentación gráfica do estado actual e do estado proxectado³.

Grazas á implicación de Daniel Blanco de Soutelo Verde, dous dos herdeiros de varios destes muíños⁴ estiveron presentes na primeira visita de toma de datos e aportaron información privilexiada que soamente os seus recordos nos podían amosar, dada a falta de fotografías e de información sobre a zona.

Este conxunto presenta unha serie de características que resultan de interese para a súa recuperación, tanto dende o punto de vista arquitectónico, da súa localización, ou das súas características intrínsecas:

- Existen 4 edificacións emprazadas en liña ou en cascada para o aproveitamento do mesmo caudal de auga, o cal se trata dunha característica que non se atopa habitualmente e que non se detectou neste número na área de estudo (da tese)⁵. Un exemplo do interese que pode ter esta característica son os *Muíños do Folón e do Picón* en O Rosal, na provincia de Pontevedra (Galicia), que foron declarados Bens de Interese Cultural⁶.
- O estado dos 5 muíños que conforman este conxunto patrimonial, xunto co coñecemento local sobre os mesmos, permite facer a representación do volume e composición orixinal.
- O acceso peonil e rodado é bo, permitindo chegar ata o propio conxunto a persoas de tódalas idades.
- O interese paisaxístico da contorna é moi importante, incluso dentro dunha área de estudo que xa conta de forma xeral con unha paisaxe de gran interese. Concretamente, localízanse moi preto da área de especial interese paisaxística AEIP_04_09 “Val de Laza”⁷. Isto permite levar a cabo rutas de sendeirismo, rutas de interpretación patrimonial, así como outras actividades. A Vía da Prata pasa a menos de 3 km do seu lugar de emprazamento, algo que supón un valor turístico engadido.
- Existen particularidades específicas entre os propios muíños que favorecen a realización de diversas propostas e actividades de carácter educativo.
- Outro valor turístico importante da zona é o “Entroido de Laza”, unha festa popular moi arraigada na vila de Laza e noutras aldeas do concello (Souteliño, Matamá, Castro de Laza...)

3 Nunha fase inicial de elaboración de planos da volumetría das edificacións foi importante a opinión e/ou colaboración doutros profesionais (Víctor Dos Santos, Arquitectura Calculada...).

4 Ramón e Constantino Rodríguez, irmáns naturais de Castro de Laza (municipio de Laza).

⁵ O contexto xeográfico da tese de referencia sitúase no noroeste da Península Ibérica, no territorio transfronteirizo entre Galicia e o Norte de Portugal recorrido polo río Tâmega. Trátase dun territorio extenso.

6 Así se reflicte na páxina web de Turismo de Galicia (https://www.turismo.gal/recurso/-/detalle/37100/pr-g-94-ruta-dos-muin-os-do-folon-e-dopicon?langId=gl_ES&ctre=23&tp=6).

7 Segundo se desprende do Visor do Plan Básico Autonómico de Galicia (<http://mapas.xunta.gal/visores/pba/>).

que conta con gran afluencia de xente.

- A recuperación proposta axudaría a que a Administración pública dote dunha maior protección legal ao conxunto e a súa contorna (actualmente sen catalogar oficialmente). Tendo en conta a existencia dunha edificación próxima sen ningún tipo de integración coa contorna, que inevitablemente se pode observar no plano de emprazamento da figura 2, a protección oficial faise imprescindible e necesaria.


2.2. Localización

Nas figuras 1 e 2 imos ver a localización dos bens obxecto do proxecto: 5 muíños de auga fariñeiros de rodicio horizontal e a súa contorna próxima.

Como referencia, indícanse as coordenadas xeográficas do primeiro muíño que atopamos, o muíño n°1:

ETRS89 – Huso UTM 29 – X: 625.436,38 / Y: 4.655.988,82.

Figura 1. Situación⁸.



⁸ Situación do conxunto patrimonial sobre mapa extraído de Visor SIXPAC (2024). Adaptado de Visor SIXPAC, s.f, <https://sixpac.xunta.es/visorhtml5/>

Figura 2. Localización⁹.

Os *Muíños de auga n° 1, 2, 3, 4* e a súa contorna emprázanse nas parcelas 82, 79, 86, 87, 88, 89, 78, 77, 76, 9016 e 9015 do polígono 17¹⁰ (<http://www.sedecatastro.gob.es/>).

O *Muíño de Auga n° 5* e a súa contorna emprázanse nas parcelas 9004, 229 e 233 do polígono 16 (<http://www.sedecatastro.gob.es/>).

2.3. Descrición e características

Tódolos muíños responden á tipoloxía de muíños de auga fariñeiros de rodicio horizontal con abastecemento a través de canle previa e cubo vertical. Diferéncianse dous grupos:

Grupo 1

Neste grupo englobábase catro dos muíños de auga (n° 1, n° 2, n° 3 e n° 4) e a súa contorna inmediata. Estes foron abastecidos na súa orixe polo mesmo fluxo de auga grazas ao emprazamento en liña e graduado en altura que presentan. Dita característica representou un dos puntos de maior interese para propoñer a súa recuperación, dado que se trata dunha singularidade que non se dá en ningún outro lugar do municipio de Laza. Como se puido comprobar ao longo da tese da cal se extrae este artigo, tamén se trata dun caso singular en todo o curso principal do río Támea, tanto en Galicia como en Portugal.

Nas inmediacións do *Muíño n° 1* aprécianse restos de posibles alpendres destinados ao atado de burros para a carga e descarga dos sacos de gran. Entre o *Muíño n° 2* e o *Muíño n° 3* existe unha zona exterior descuberta con un muro de peche perimetral no cal se ataban os burros. No edificio do *Muíño n° 4*, formando parte deste, existe unha zona independente que era usada como almacén para os sacos de gran e outros elementos.

Un elemento singular deste grupo de muíños é a levada que abastece aos mesmos. Segundo o seu perfil, que se amosa na figura 3, presenta unha lonxitude de 342 m e unha pendente media arredor do 11 %. Trátase tamén dunha levada con características singulares no municipio de Laza e tamén na zona de estudo de referencia.

⁹ Sinalización dos muíños de auga —proposta— sobre ortofoto extraída de Visor SIXPAC (2019). Escala gráfica de 0 a 50 m, con división cada 10 m. Adaptado de Visor SIXPAC, s.f., <https://sixpac.xunta.es/visorhtml5/>

¹⁰ A levada pola que chega a auga aos muíños discorre por ou entre varias parcelas que non se definen aquí dado que o único que se pretende é a súa limpeza.

Figura 3. Perfil da levada dos muíños do Grupo 1¹¹.

Grupo 2

Está formado polo *Muíño de auga nº 5* e a súa contorna. O ben patrimonial está localizado de forma independente, inda que preto dos muíños do Grupo 1. Ademais, conta con características singulares: sitúase nunha zona elevada sobre o nivel do regato que o abastece, sendo un dos seus muros de considerable altura e con unha zona curva; na zona da canle e continuando o muro mencionado existe unha pedra de dimensións pouco comúns.

No que se refire ao *estado de conservación*:

- O muíño que mellor se conserva do Grupo 1 é o nº 1. Neste aprécianse actuacións levadas a cabo fai un tempo destinadas á recuperación e/ou conservación da envolvente.
- Os *Muíños nº 2, nº 3, nº 4* e os seus elementos anexos encóntranse en estado ruinoso, pero inda é posible adiviñar cal era o volume e composición orixinal de cada un deles.
- O *Muíño nº 5* presenta un derrubamento parcial da cuberta e dos elementos do tremiñado. A pesar disto consérvase o volume da edificación e o seu estado permítenos saber claramente a súa composición interior.
- Tanto a contorna do Grupo 1 como do Grupo 2 precisan de actuacións para a adecuación da zona.

Abordamos agora as *características construtivas*:

- Posúen un andar chamado inferno e outro chamado tremiñado.
- A cuberta configúrase ou configurouse no seu día a unha auga ou a dúas augas segundo o caso. O acceso ao andar do tremiñado é único e levase a cabo dende a parcela na que se atopan os muíños (na fachada este ou nordés segundo o caso).
- As cimentacións están formadas, aparentemente, por pezas grandes de pedra.
- Os muros de cerramento e os muros das canles son muros de cachotería de pedra (xisto en maior medida, granito e xeixo). O elemento canle-cubo resulta de especial interese, presentando características singulares, tanto polas dimensións que presenta en algúns casos (táboa 1) como pola súa configuración.
- O forxado de separación do inferno e do tremiñado era de madeira.
- O entramado da cuberta era de madeira e a súa cubrición de era de lousa. No *Muíño nº 5* pódense apreciar a día de hoxe os elementos orixinais.

¹¹ Punto da captación da auga no regato e diferenza de altura con respecto do camiño de acceso (23,21 m), sección do percorrido da levada (en cor azul), a diferenza de nivel entre os muíños nº 1, nº 2, nº 3 e nº 4 (en cor marrón) e a diferenza de nivel entre o inicio do muíño máis alto (nº 4) e o camiño de acceso (18,39 m). Escala gráfica de 0 a 50 m, con división cada 10 m.

- O acabado dos cerramentos polo exterior é de cachotería de pedra sen rexuntado.
- O acabado dos cerramentos polo interior tamén é de cachotería de pedra. No *Muíño nº 5* pódense ver restos de morteiro de barro utilizado para o rexuntado de certas zonas do interior.
- Dada a configuración interior, é probable que existira unha división interior e un teito intermedio (de madeira) na zona na cal se levaba a cabo a trituración do gran.
- O pavimento, segundo o caso, era de terra, pedra ou conformado pola propia rocha.
- A carpintería era de madeira maciza, tal e como se pode ver no *Muíño nº 5*.
- Os elementos cos que contaban os muíños eran os propios da tipoloxía a que corresponden.

As superficies dos muíños¹² son as reflectidas na seguinte táboa:

3

Táboa 1. Superficies útiles e construídas dos muíños¹³.

Muíños	Superficie útil interior -Andar do Tremiñado	-Superficie Ocupada	construídaSuperficie construída Canle-Cubo
nº 1	19,49 m ²	40,42 m ²	24,84 m ²
nº 2	15,43 m ²	29,92 m ²	34,24 m ²
nº 3	20,42 m ²	38,20 m ²	54,19 m ²
nº 4	29,70 m ²	51,20 m ²	60,29 m ²
nº 5	18,19 m ²	32,11m ²	16,52 m ²

A superficie das contornas dos muíños nas que se prevé actuar, as cales no se corresponden coa totalidade das parcelas catastrais afectadas, son as da táboa 2:

Táboa 2. Superficies das contornas dos muíños¹⁴.

Contorna de muíños	Superficie
nº 1, 2, 3 e 4	3415 m ²
nº 5	380 m ²

¹² Non se definen as superficies do inferno dado que se trata dunha zona existente debaixo do tremiñado de pouca altura e de acceso unicamente para mantemento. Na documentación gráfica poden verse as dimensións deste parte do muíño.

¹³ Datos extraídos de *Proxecto de recuperación e posta en valor de muíños de auga no lugar de Souteliño* (Blanco, 2019).

¹⁴ Datos extraídos de *Proxecto de recuperación e posta en valor de muíños de auga no lugar de Souteliño* (Blanco, 2019).

2.4. Estado actual

O estado actual do conxunto na data de toma de datos, o cal se pode observar nas seguintes figuras (4 a 10) ¹⁵, era o seguinte:

Muíño n.º 1: observáronse actuacións recentes destinadas á recuperación e/ou conservación da envolvente (muros, cuberta, recollida de augas e parte de forxado). Non se conservaban os elementos propios do muíño.

Figura 4. Muíño nº 1.



Muíños n.º 2, n.º 3 e n.º 4: encontrábanse en estado de ruína, sendo os elementos mellor conservados as canles e os cubos. En ningún dos casos se conservaban os elementos propios dos muíños.

Figura 5. Muíño nº 2.




Figura 6. Muíño nº 3.



Fig



Contorna do Grupo 1: posuía vexetación abundante, falta de limpeza e multitude de pezas de pedra procedentes do derrubamento de partes dos muros do conxunto.

Figura 8. Contorna de zona de Grupo 1.



Muíño nº 5: os muros da edificación e a canle conservaban o seu volume e configuración, existindo parte da carpintería exterior (porta de entrada); a cuberta estaba parcialmente derrubada; o forxado intermedio, a configuración do tremiñado e os elementos interiores propios do muíño estaban derrubados ou non existían.

Figura 9. Muíño nº 5.



Contorna do Grupo 2: posuía vexetación abundante e falta de limpeza.

Figura 10. Contorna de zona de Grupo 2.



Visto o estado actual do conxunto patrimonial na data das fotografías, a continuación móstranse as propostas para a súa recuperación que se reflectiron no proxecto de estudo.

3. Actuacións propostas


Muíño n.º 1: proxéctase levar a cabo as obras que faltan para a recuperación total da envolvente, para a adecuación interior da edificación e do forxado de separación do inferno e do tremiñado. O andar do tremiñado quedaría totalmente diáfano e colocaríanse vidros en parte do forxado para poder observar os elementos do inferno (entrada de auga e parte do mecanismo de rotación). Proponse levar a cabo tamén as obras precisas para a consolidación da canle e dos cubos —e de todos os seus elementos—, así como outras.

Figura 11. Plantas de proposta para Muíño n.º 1, extraídas de plano de estado reformado *Muíño n.º1* de *Proxecto de recuperación e posta en valor de muíños de auga no lugar de Souteliño* (Blanco, 2019).

As actuacións no *Muíño n.º 1* van encamiñadas a que as persoas visitantes poidan ver dende o andar do tremiñado a entrada de auga ao andar do inferno, así como parte do mecanismo de rotación (rieiro e rodicio...). Ademais, ao quedar diáfano no seu interior, servirá de edificación de recepción.

Muíño n.º 2: propónse unha necesaria reconstrución en base ao volume e composición orixinal da edificación. O andar do tremiñado tamén quedaría diáfano e colocaríanse igualmente vidros sobre o forxado intermedio para poder observar os elementos do inferno. Aquí preténdese recuperar o mecanismo de rotación completo, levar a cabo as obras precisas para a reconstrución total ou parcial da canle e do cubo (e de todos os seus elementos) ou a súa consolidación, así como outras. Tamén se completaría e se adecuaría o muro perimetral da zona exterior onde se deixaban atados os burros, acondicionando o seu chan con especies vexetais.


Figura 12. Plantas de proposta para Muíño n.º 2, extraídas de plano de estado reformado *Muíño n.º 2* de *Proxecto de recuperación e posta en valor de muíños de auga no lugar de Souteliño* (Blanco, 2019).



Neste muíño as persoas visitantes xa poderán ver o mecanismo de rotación completo (rieiro–rodicio–eixo). O tremiñado segue a manterse diáfano.

Muíño n.º 3: propónse tamén a reconstrución en base ao volume e composición orixinal da edificación. Neste muíño a recuperación dos elementos sería completa, é dicir, propónse facer unha reconstrución do interior con todos elementos existentes na súa orixe. Levaríanse a cabo tamén as obras precisas para a reconstrución total ou parcial da canle e do cubo (e de todos os seus elementos) ou a súa consolidación, así como outras.

Figura 13. Plantas de proposta para Muíño n.º 3, extraídas de plano de estado reformado *Muíño n.º 3* de *Proxecto de recuperación e posta en valor de muíños de auga no lugar de Souteliño* (Blanco, 2019).




Esta recuperación pretende mostrar todos os mecanismos dun muíños de auga fariñeiro de rodicio horizontal.

Este muíño non se poñería en funcionamento, pero a reconstrución é total (realizando a división do andar do tremiñado).

Muíño n.º 4: proxéctase a reconstrución en base ó volume e composición orixinal coa seguinte condición: soamente se pretende recuperar o volume exterior e parte do piso do tremiñado, deixando á vista o andar do inferno.


Figura 14. Plantas de proposta para Muíño n.º 4, extraída de plano de estado reformado *Muíño n.º 4* de *Proxecto de recuperación e posta en valor de muíños de auga no lugar de Souteliño* (Blanco, 2019).



O que se pretende con este elemento é, por un lado, mostrar de forma directa o andar do inferno, e por outro lado, conseguir un espazo que nun futuro poida ser usado como centro de interpretación patrimonial. Así poderíanse colocar elementos propios dos muíños, paneis interpretativos, fotografías, vídeos...

Muíño n.º 5: proxéctase a reconstrución da cuberta en base ao volume e composición orixinal da edificación e a consolidación en xeral da envolvente. Neste muíño a recuperación dos elementos sería completa, é dicir, propónse facer unha reconstrución interior con todos elementos existentes no seu orixe. Tamén se levarían a cabo as obras precisas para o acondicionamento e consolidación da canle e do cubo (e de todos os seus elementos), así como outras.


Figura 15. Plantas de proposta para Muíño n.º 5, extraídas de plano de estado reformado *Muíño n.º 5* de *Proxecto de recuperación e posta en valor de muíños de auga no lugar de Souteliño* (Blanco, 2019).



Este muíño, ao igual que o *Muíño n.º 3*, recuperaríase de forma completa. Ademais, preténdese poñelo en funcionamento para mostrar ao visitante como era o proceso da moenda e como funcionaban os mecanismos.


Contorna: proxéctanse desbroces, cortas e podas de especies vexetais, acondicionamento do terreo, acondicionamento de camiños, acondicionamento de muros, elementos de protección, elementos de delimitación, sinalizacións (figura 16) e elementos de información e interpretación (figura 18).

Figura 16. Elementos de sinalización¹⁶.



As frechas son aptas para cruces de camiños que poidan desviar ao visitante da ruta e as balizas para o seguimento da ruta (colocadas cada certa distancia).

Figura 17. Deseño tipo das frechas e das balizas de sinalización ¹⁷.



con vinilo (deseño en figura 17). En tódolos casos a madeira será tratada en autoclave.

¹⁷ Deseño das frechas e das balizas para o *Muíño nº 1* (Blanco, 2023). Elaborado en 2022, tomando como base o deseño de Blanco (2019). O resto da sinalización tería o mesmo deseño.

Unha vez chegamos ao lugar de emprazamento destes muíños precisamos de elementos de interpretación e identificación: O obxectivo do punto de información e mostrar datos e documentación gráfica sobre os elementos que vai a ver o visitante, así como a súa localización. O panel identificativo está deseñado para colocar preto de cada muíño e dar información concreta específica deste.

Figura 18. Elementos de información e interpretación¹⁸.




Figura 19. Deseño tipo dos paneis identificativos / interpretativos¹⁹.

¹⁸ Á dereita, panel identificativo con placa de madeira de 400x650 mm, decorada con vinilo (deseño en figura 19). Á esquerda, punto de información con placa de madeira de 1400x1200 mm, decorada con vinilo (os contidos e o deseño móstranse na figura 20). En ambos casos as placas soportadas por postes de madeira e todos os elementos de madeira tratados en autoclave.

¹⁹ Deseño de panel do *Muíño n° 5* de tamaño 400x650 mm. (Blanco, 2023). Elaborado en 2022, tomando como base o deseño de Blanco (2019). O resto dos muíños posuirían o mesmo deseño.

Muíño nº 5

Fotografía de Estado Actual



Planimetría de Estado Reformado





Figura 20. Deseño do panel de interpretación²⁰.

Recuperación dos muíños de auga de Souteliño



MUÍÑO DE AUGA
O lugar do muíño que aparece a ser recuperado está situado a 1,5 km do lugar de Souteliño, no lugar de Souteliño. Este muíño foi construído no século XVIII e foi destruído durante a guerra civil. Actualmente, o lugar do muíño está en ruínas e non se pode utilizar como muíño.


ALCANTARILLAS DE AUGA
Este muíño utiliza un sistema de alcantarillas para conducir o auga do río Souteliño até ao lugar do muíño. Este sistema foi construído no século XVIII e foi destruído durante a guerra civil. Actualmente, o sistema de alcantarillas está en ruínas e non se pode utilizar como sistema de alcantarillas.

ALCANTARILLAS DE AUGA
Este muíño utiliza un sistema de alcantarillas para conducir o auga do río Souteliño até ao lugar do muíño. Este sistema foi construído no século XVIII e foi destruído durante a guerra civil. Actualmente, o sistema de alcantarillas está en ruínas e non se pode utilizar como sistema de alcantarillas.

ALCANTARILLAS DE AUGA
Este muíño utiliza un sistema de alcantarillas para conducir o auga do río Souteliño até ao lugar do muíño. Este sistema foi construído no século XVIII e foi destruído durante a guerra civil. Actualmente, o sistema de alcantarillas está en ruínas e non se pode utilizar como sistema de alcantarillas.

ALCANTARILLAS DE AUGA
Este muíño utiliza un sistema de alcantarillas para conducir o auga do río Souteliño até ao lugar do muíño. Este sistema foi construído no século XVIII e foi destruído durante a guerra civil. Actualmente, o sistema de alcantarillas está en ruínas e non se pode utilizar como sistema de alcantarillas.

ALCANTARILLAS DE AUGA
Este muíño utiliza un sistema de alcantarillas para conducir o auga do río Souteliño até ao lugar do muíño. Este sistema foi construído no século XVIII e foi destruído durante a guerra civil. Actualmente, o sistema de alcantarillas está en ruínas e non se pode utilizar como sistema de alcantarillas.




Moxega ou adella con outras pezas
Moxega ou adella
Adella ou guante
Trazado do eixo


Mecanismo para a trituración
Moxa ou capa
P.M.

Eixo - Rodiceo
Sargento ou sobrecosta
Bico
Moxa
Moxa ou guante do pinho
Rodiceo


Diagram Labels:
Tremido
Inferno
Rebento ou Moxa
Cubo
Fichento
1 m




Muíño nº 1




Muíño nº 2



Muíño nº 3



Muíño nº 4



Muíño nº 5

FOTOGRAFÍAS DOS MUÍÑOS ANTES DA SÚA RECUPERACIÓN

²⁰ Deseño de panel de tamaño 1400x1200 mm (Blanco, 2023). Elaborado en 2022, tomando como base o deseño de Blanco (2019).

Con todos estes elementos e as condicións particulares de cada unha das propostas de recuperación dos muíños de auga e da súa contorna conformase un proxecto singular (figuras 21 e 22), o cal permite aos visitantes coñecer as características e funcionamento dos muíños de auga fariñeiros de rodicio horizontal *in situ*. O feito de que en cada un dos muíños se recuperen os elementos de forma parcial ou completa, segundo o caso, permite entender progresivamente estes enxeños a calquera tipo de público. Ademais, o contexto xeográfico privilexiado permite establecer multitude de rutas de sendeirismo arredor do conxunto patrimonial. En definitiva, trátase dun proxecto para unha actuación de carácter sostible de gran interese que podería activar en parte a actividade socioeconómica nesta zona do municipio de Laza, respectando e pondo en valor o seu medio.

Figura 21. Proposta: zona de actuación de Grupo 1²¹.



3. Consideracións e conclusións finais

O conxunto de muíños de auga do lugar de Souteliño (municipio de Laza) conta con unhas características singulares e emprázase nun contexto xeográfico privilexiado. Este caso representa un exemplo de actuación de recuperación de carácter sostible, que se basea na proposta do seu uso para o turismo cultural levando a cabo actividades de difusión e socialización con carácter educativo.

Por outro lado, poderíamos establecer como futura liña de investigación a continuación do proxecto básico dos *Muíños de Souteliño (Laza)*. Atendendo ao potencial deste conxunto patrimonial e partindo do proxecto existente, sería posible levar a cabo un estudo de viabilidade, específico e detallado, que permitise espertar novamente o interese da Administración pública. Desta maneira poderíase retomar esta actuación e seguir contribuíndo á preservación e conservación do patrimonio muiñoloxico do río Támeiga.

BIBLIOGRAFÍA

- Blanco Rivero, D. (2023): *Patrimonio muíñolóxico na cunca do río Támega* [Tese de doutoramento, Universidade de Vigo]. <http://hdl.handle.net/11093/5196>
- Blanco Rivero, D. (2019): *Proxecto básico de recuperación e posta en valor de muíños de auga no lugar de Souteliño (concello de Laza)*.
- Caamaño Suárez, M. (2003). As construcións da arquitectura popular. Patrimonio etnográfico de Galicia. Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos.
- Sede Electrónica do Catastro de España (s.f.). <http://www.sedecatastro.gob.es/>
- Turismo de Galicia (s.f.) PR-G 94 Ruta dos Muíños do Folón e do Picón. https://www.turismo.gal/recurso/-/detalle/37100/pr-g-94-ruta-dos-muinos-do-folon-e-dopicon?langId=gl_ES&ctre=23&tp=6
- Visor Plan Básico Autonómico-Dirección Xeral de Urbanismo. Xunta de Galicia (s.f.). <http://mapas.xunta.gal/visores/pba/>
- Visor SIXPAC (s.f.-a). Recuperado o 24 de outubro de 2024 de <https://sixpac.xunta.es/visorhtml5/>
- Visor SIXPAC (s.f.-b). <https://sixpac.xunta.es/visorhtml5/>